

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO DO DEPARTAMENTO DE ENXEÑERÍA CIVIL

LUGAR: Sala de Grados I da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos

DATA: 5 de xullo de 2018

HORA DE COMEZO: 13:00 h

HORA DE REMATE: 13:45 h

ASISTENTES:

Juan Román Acinas García

Julia Álvarez García

José Anta Álvarez

Viviana Barneche Naya

Alfredo Del Caño Gochi

María Pilar De La Cruz López

Jesús Fernández Ruíz

María Belén González Fonteboa

Luis Antonio Hernández Ibáñez

Juan Alfredo Jácome Burgos

María Isabel Martínez Lage

María José Mijares Coto

Margarita Novales Ordax

Francisco Padilla Benítez

Luis Pena Mosquera

Enrique Peña González

Juan Luis Pérez Ordoñez

Jerónimo Puertas Agudo

Ana María Rodríguez Pasandín

Francisco Javier Samper Calvete

José Sande González-Cela

Gumersinda Seara Paz

Joaquín Suárez López

Francisco Alberto Varela García

Ana María Vázquez González

Julia Vázquez González

ESCUSAN A SÚA AUSENCIA:

Victor Barrientos Rodríguez

José Ramón Méndez Salgueiro

Acacia Naves García-Rendueles

Alfonso Orro Arcay

Ignacio Pérez Pérez

Ahitor Regueiro Fernández

Jon Solozábal Basañez

Luis Sotelo Domínguez

Francisco Javier Taibo Pena

Preside a Sesión a Sra María Isabel Martínez Lage, directora do Departamento. Actúa como secretaria a Sra. Julia Álvarez García.

ORDE DO DÍA

1. Acordos relacionados co POD

A directora informa ao Consello de que a Secretaría Xeral aprobou o Regulamento do Departamento con dous pequenos cambios, no artigo 11.1 no que aparece profesorado debe aparecer tamén “*Axudante*”, e no punto 15.3, o prazo ten que estar en días.

Tamén informa de que as Guías Docentes teñen que estar aprobadas polo Departamento o día 24 de xullo, e propón resolvelo como no curso anterior.

Con respecto ao POD informa de que unha vez aprobado no consello de departamento do 13 de xuño envióselle ao vicerreitor, e este convocouna a unha reunión. O Vicerreitor propuxo a creación de dúas prazas das tres solicitadas:

- A praza de Interino/a de substitución para a área de Enxeñería cartográfica, xeodésica e fotogramétrica en Comunicación audiovisual
- Unha das dúas prazas solicitadas pola Área de Proxectos, de Profesor/a Asociado/a a tempo parcial, 180 horas.

Para ambas prazas solicita do Departamento as súas características e a composición dos tribunais.

Por outra banda, o Vicerreitor considera que a diminución da docencia asignada a Área de Enxeñería hidráulica implica a redución dun profesor asociado e pasar a outro dun contrato de P4 a P3. Polos mesmos motivos, na Área de Enxeñería do terreo a redución dun/dunha profesor/a asociado/a. Solicita, ademais que o Departamento indique os profesores/as afectados/as.

A proposta que trae a Directora ao Consello para o seu debate e decisión, é a renovación de todos os/as profesores/as asociados/as e interinos/as de substitución.

O consello debate o tema.

O Consello aproba, por unanimidade a petición de renovación de todos os/as profesores/as asociados/as e interinos/as de substitución. Facendo costar, que os asociados son fundamentais para a docencia nun departamento como o de Enxeñería Civil. Axudan a formar o alumnado en temas moi específicos da que vai a ser a súa profesión, e polo tanto a perda dun deles suporá unha diminución da calidade da docencia impartida.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión as 13.45 horas e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
A presidenta

Julia Álvarez García

María Isabel Martínez Lage